



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
EEASSD DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA

Guía docente

Título superior de deseño

Especialidade: DESEÑO DE INTERIORES

Disciplina: CONSTRUCCIÓN II

Mod
elo.
Guía
doce
nte.
Ver.
01.
01/09
/2015



Índice

1. Identificación e contextualización.....	3
2. Descrición da disciplina.....	3
2.1 Descritores.....	3
2.2 Relación con outras disciplinas de contidos progresivos.....	3
2.3 Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación.....	3
2.4 Metodoloxía.....	5
3. Obxectivos.....	5
4. Competencias que se desenvolven na disciplina.....	6
4.1 Competencias transversais	6
4.2 Competencias xerais	6
4.3 Competencias específicas da titulación.....	6
5. Organización dos contidos.....	7
5.1 Contidos.....	7
5.2 Organización.....	7
6. Procedemento de avaliación.....	7



1. Identificación e contextualización

Datos da disciplina					
Escolas	Escola de Arte e Superior de Deseño "Pablo Picasso". A Coruña				
Web escolas	www.eapicasso.com				
Mail escolas	easdpp.interiores@edu.xunta.es				
Materia	MATERIAIS E TECNOLOXÍA APLICADA AO DESEÑO				
Disciplina	CONSTRUCCIÓN II				
Carácter	O.E (Obrigatoria de especialidade)	Tipo	T.P. (Teórico práctica)	Duración	ANUAL
Curso	TERCEIRO			Créditos ECTS	10
Horas de clase semanais		4			
Horas de traballo non presencial		96			
Horas de tutoría		10			

2. Descrición da disciplina

2.1 Descritores

- Confort ambiental: térmico, acústico, lumínico e calidade do ar
- O detalle construtivo como problema xeométrico, físico, químico e mecánico.
- Patoloxía na construción. Sistemas de reparación e rehabilitación
- Sistemas de seguridade en construción
- Criterios de calidade, execución e mantemento
- Sustentabilidade na construción
- Innovación. Métodos de investigación propios da materia.

2.2 Relación con outras disciplinas de contidos progresivos.

Esta disciplina ten contidos progresivos coas de Materias e Construción I de 2º curso.

2.3 Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación

- Proporcionar coñecementos teóricos prácticos para deseñar e interpretar solucións construtivas relacionadas co deseño de interior.
- Asimilar os conceptos básicos de natureza física e ambiental para adoptar as solucións de deseño e construtivas que proporcionan as debidas condicións de confort ambiental nos espazos.
- Coñecer as solucións construtivas máis frecuentes, a súas patoloxías e reparacións, nomeadamente no deseño de interior.



-Tomar conciencia dos factores que influen de xeito determinante na elección axeitada, facendo especial énfase na sustentabilidade, o clima, a economía, a seguridade, o mantemento e a normativa.

2.4 Metodoloxía

Actividades introductorias

Explicación aos alumnos/as do desenvolvemento da materia ao longo do curso, incidindo nas competencias e nos contidos que se traballan, a metodoloxía e o sistema de avaliación.

Exposición maxistral

Explicación por parte do profesorado na aula dos contidos dos temas ou unidades didácticas enumeradas.

Prácticas presenciais

Resolución por parte do alumnado dos exercicios prácticos propostos en cada tema, a partir dos contidos teóricos.

Prácticas non presenciais

Resolución por parte do alumnado das actividades e problemas propostos nalgúns temas mediante traballos autoxestionados onde completará os coñecementos teórico-prácticos.

Exposición e debate

Exposición e defensa por parte do alumnado de algún dos traballos realizados o longo do curso.

Titorías docentes

A súa finalidade é resolver dúbidas, tutelar e coordinar as prácticas.

Actividades de avaliación

- **Formativa.**
 - Comprende o funcionamento cognitivo fronte as tarefas.
 - Adaptar os procesos aos progresos e dificultades.
- **Sumativa.**
 - Comprobar si se adquiriron as competencias previas.
 - Establecer balances dos resultados.

Actividades complementarias

Actividades realizadas para complementar a formación, academicamente dirixidas, relacionadas cos contidos e realizadas no centro ou fora del.



3. Obxectivos

Acadar as competencias transversais, xerais e específicas da titulación durante o desenvolvemento da disciplina.

4. Competencias que se desenvolven na disciplina

4.1 Competencias transversais

- T.1 Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora
- T.2 Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente
- T.3 Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
- T.4 Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
- T.7 Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo
- T.8 Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
- T.13 Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
- T.14 Dominar a metodoloxía de investigación e na xeración de proxectos, ideas e solucións viáveis
- T.15 Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
- T.16 Traballar de forma autónoma e valorar a importancia de iniciativa e o patrimonio cultural e medioambiental

4.2 Competencias xerais

- X.1 Concibir, planificar e desenvolver proxectos de deseño de acordo cos requisitos e condicionamentos técnicos, funcionais, estéticos e comunicativos.
- X.8 Propoñer estratexias de investigación e innovación para resolver expectativas centradas en funcións, necesidades e materiais.
- X.10 Ser capaces de adaptarse aos cambios e á evolución tecnolóxica industrial.
- X.15 Coñecer procesos e materiais e coordinar a propia intervención con outros profesionais, segundo as secuencias e graos de compatibilidade
- X.16 Ser capaces de encontrar solucións ambientalmente sostibles.
- X.18 Optimizar a utilización dos recursos necesarios para alcanzar os obxectivos previstos
- X.19 Demostrar capacidade crítica e saber formular estratexias de investigación
- X.22 Analizar, avaliar, e verificar a viabilidade productiva dos proxectos, desde criterios de innovación, xestión empresarial e demandas

4.3 Competencias específicas da titulación

- E.I.1 Xerar e materializar solucións funcionais, formais e técnicas que permitan o aproveitamento e utilización idónea dos espazos de interiores.
- E.I.3 Dirixir e certificar a realización de proxectos de interiores.
- E.I.4 Analizar, interpretar, adaptar e producir información relativa á materialización dos proxectos.
- E.I.5 Resolver os problemas estéticos, funcionais, técnicos e construtivos que



xurdan durante o desenvolvemento e execución do proxecto.

E.I.8 Coñecer os procesos de fabricación, produción e manufacturado máis usuais nos diferentes sectores vinculados ao deseño de interiores.

E.I.9 Adecuar a metodoloxía e as propostas á evolución tecnolóxica e industrial propia do sector.

E.I.12 Coñecer o contexto económico, social, cultural e histórico en que se desenvolve o deseño de interiores.

E.I.14 Comprender o marco legal e regulamentario que regula a actividade profesional, a seguridade e saúde laboral e a propiedade intelectual e industrial.


5. Organización dos contidos

5.1 Contidos

1. O detalle construtivo: condicionantes
2. Sustentabilidade, ciclo de vida, arquitectura pasiva.
3. Confort ambiental.
4. Confort térmico e aforro enerxético: transferencia de calor, control solar. Normativa
5. Estanquidade. Normativa
6. Illamento de ruído: sistemas e normativa.
7. Incompatibilidades na construción.
- 8 .Patoloxía en construción: O proceso patolóxico. Patoloxías comúns nos distintos elementos construtivos e a súa reparación.
- 9.O tendido das instalacións no deseño de interior.
- 10.Seguridade na construción: Apeos e reforzos.



5.2 Organización



6. Procedemento de avaliación

A ensinanza é de carácter presencial e asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por ano académico, ordinaria e extraordinaria.